

Plan de Convivencia

**CEIP Plurilingüe de
Abanqueiro**

Índice

1. Introducción.....	1
2. Base Legal.....	1
3. Obxectivos.....	2
4. Comisión da Convivencia.....	2
5. Contextualización e Avaliación Inicial.....	4
6. A nosa definición de Convivencia.....	10
7. Principios da intervención.....	11
8. Situación da convivencia no centro.....	13
9. Os principios plan.....	13
10. Documentos de participación.....	14
11. Difusión.....	14
12. Seguemento e mellora.....	14

1. Introducción

Traballar a convivencia é visto pola comunidade educativa como unha necesidade, e o noso plan de convivencia establece as liñas a seguir no noso centro en canto a convivencia se refire.

O noso plan entende os conflitos dende un punto de vista dinámico e pacífico, e desexamos que sexa un instrumento útil no seu afrontamento por parte dos docentes e do alumnado e poder transmitir as familias a conveniencia dunha educación para a paz.

Partimos para a súa elaboración nas reflexións de toda a comunidade educativa sobre o modelo de convivencia. Para que sexa efectivo debe ser coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, traballadores do centro.

Queremos que este plan regule as relacións que se establecen dentro do centro e que harmonice as relacións do centro co entorno.

Interésanos encamiñarnos na procura dun clima nas aulas relaxado e cordial que faga que as aprendizaxes sexan mais significativas, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo, a tolerancia e atención á diversidade.

O colexio parte coa vantaxe de que temos elaborados instrumentos moi útiles como son o PAT e as NOFC que son revisados e actualizados en cada curso escolar. Outra vantaxe do centro é ter un equipo directivo consolidado e un grupo de profesores que traballan dende fai anos xuntos. Pensamos que a realidade da que partimos pode ser considerada como privilexiada, porque estamos a falar dun centro no que os conflitos non revisten especial gravidade e que son perfectamente asumibles e normalizados como circunstanciais á convivencia, entendendo que toda esta realidade pode ser mellorada.

2. Base Legal

A normativa que sustenta o plan queda especificada a continuación:

- Constitución española.
- LOMCE.

- Creación do observatorio de convivencia, decreto 85/2007 de 12 de abril (DOG do 8 de maio de 2007)
- Instrucións sobre a constitución do observatorio de convivencia nos centros e elaboración do plan de convivencia escolar (17/10/2007)
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG do 15/07/2011).
- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22 abril 2015)
- Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

3. Obxectivos

- Fomentar a convivencia no centro
- Instaurar o sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos os seus membros ben acollidos, respectados e seguros, todos e todas.
- Aprender estratexias de resolución pacífica de conflitos tales que nos permitan vivir de xeito pacífico tanto dentro como fora da escola
- Adquisición por parte do alumnado das competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo, cos demais e co medio no que vive
- Dotar a comunidade educativa dos recursos necesarios para a xestión do conflito.
- Realizar actividades de igualdade e resolución pacífica de conflitos.
- Acadar unha efectiva igualdade entre homes e mulleres a través da dignificación e valoración do traballo da muller e a súa importancia na sociedade e na familia.

4. Comisión da Convivencia

A Comisión de Convivencia constituirase no seo do Consello Escolar, seguindo as instrucións do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. As funcións e competencias desta comisión, polas características e tamaño do CEIP Plurilingüe de Abanqueiro, quedan integradas no propio Pleno do Consello Escolar, aínda que ocasionalmente poderá crearse para a organización e realización actividades puntuais en función das necesidades; mantendo sempre o principio de igualdade e paridade.

COMPOSICIÓN

O Observatorio está formado por:

- a) O director do centro, quen o preside.
- b) O xefe/a de estudos, Que poderá exercer as función da presidencia se for necesario.
- c) Un mestre ou mestra do Consello Escolar.
- d) 1 representante de nais e pais do Consello Escolar.
- e) 1 representante do persoal non docente.
- f) O representante do concello.

FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Tal e como se establece no Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, son función da Comisión de Convivencia:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración,desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5. Contextualización e Avaliación Inicial

COÑECER O CONTEXTO

O plan de convivencia ten como destinatarios a todos os membros da comunidade educativa. Para cada un deles ten uns obxectivos marcados. É elaborado polo grupo de convivencia do centro e dinamizado polo departamento de orientación sendo o motor do plan o equipo directivo.

Tratamos en todo momento que participara no seu desenrolo toda a comunidade educativa dado que a convivencia nos afecta a todos e incide no noso desenrolo persoal, socioafectivo e intelectual de toda a comunidade educativa.

AVALIACIÓN INICIAL

A elaboración do plan ten diferentes momentos. Nun primeiro momento leva a súa dinamización un grupo de profesores creado para tal fin e asesorado polo CAFI a través da formación dun grupo de traballo.

1. Traballo con toda a comunidade educativa:

- Animase a concienciar a comunidade educativa da existencia dos conflitos e do normal da situación.
- Elaborase a definición de convivencia por parte de todo o centro:
- Exposición das apartacións das familias e do alumnado
- Invitación as familias ao centro

1. Formación do profesorado:

- Traballo sobre temas de convivencia: “Mellorar o clima do centro”
- Elaboración dun programa de habilidades sociais que traballan dende a titoría o alumnado coa axuda do Departamento de Orientación.
- Concienciación da necesidade de que todos nos impliquemos.

1. Traballo co alumnado: programa de Habilidades Sociais desenvolvido dende o Departamento de Orientación, de considerase necesario.

DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA

O Diagnóstico, debido á natureza pacífica da Comunidade deste centro educativo, realízase de xeito observacional.

DAS RESPOSTAS DADAS POLOS DIFERENTES SECTORES DETERMINANSE OS PROBLEMAS

Con respecto aos conflitos

- O profesorado manifesta atoparse a gusto dando clase neste centro.
- Existen problemas de comportamento que afectan a convivencia na aula.
- As dificultades de impartir clase consisten na súa maioría (no referente ao alumnado)
 1. Moi faladores, non escoitan ao profesor.
 2. Falta atención.
 3. Non esperan a súa quenda.
 4. Non escoitan aos compañeiros.

5. Dificultades para dialogar.

- Perfil do neno /a que está permanentemente metido en conflitos:
 1. En nenos /as inquedos/as.
 2. Alumnado que quere ser protagonista.
 3. Con frecuencia faltan ao respecto ou non son respetuosos/as.
 4. Nenos e nenas agresivos.
- Acaba cansado o profesorado, tratando de resolver estes conflitos.
- Impiden introducir innovacións na aula.
- Fan que as programacións se vexan afectadas e se atrasen.
- O profesorado percibe que moitas veces os temas de fora da escola afectan dentro e son a razón do conflito.
- Faltan habilidades sociais para resolver estes conflitos.

SITUACIÓNS CONFLITIVAS	
SUCEDE POUCO/NUNCA	<ul style="list-style-type: none"> • O enfrontamento entre grupos de alumnos • Malas contestacións na clase por parte dalgúns alumnos/as concretos. • Enfrontamentos dun grupo con outro co que se leva mal. • Pelexas. • Nenos que non están integrados e séntense sós. • Os profesores van cada un ao seu.
CON CERTA FRECUENCIA	<ul style="list-style-type: none"> • Insultos entre alumnos. • Os alumnos resollen os conflitos entre eles.
MOITO	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado acode ao adulto para resolver os seus conflitos
ACTUACIÓN DO PROFESORADO	
<ul style="list-style-type: none"> • Conversa co implicado a parte. • Coloca ao conflictivo a parte para evitar que se repita. • Trátase o problema en titoría. • Acode ao resto dos compañeiros para tratar de buscar una solución. • Chamar aos país. • NOFC: castigos ou faltas de orde. 	

Con respecto as agresións entre alumnado

- O profesorado considera que as agresións e os abusos é un problema grave para a convivencia escolar.
- Que as agresións verbais son as mais frecuentes no centro: insultos, ameazas.
- Pensan que no centro a causa das agresións verbais mais común é a personalidade do alumnado que as leva a cabo, o seu carácter agresivo, seguido por aqueles que opinan que hai intolerancia por parte dos nenos/as.
- Este tipo de agresións ocorren con maior frecuencia no patio, e tamén nos cambios de clase e nas subidas e baixadas. Tamén poden existir conflitos cando se traballa en grupo.
- Son frecuentes:
 1. No fútbol, pola rivalidade entre os que xogan.
 2. Un perfil de nena celosa e acaparadora.
 3. Rivalidade entre nenas.
 4. Problemas noutros deportes.

Con respecto as relación entre profesores

1. Hai una boa relación e comunicación entre os profesores así como a relación entre profesorado e alumnado considérase boa tamén.
2. O profesorado pensa que os seus compañeiros teñen una boa imaxe de si mesmo e mesmo que o alumnado ten unha boa imaxe dos profesores.
3. Os profesores pensan que entre eles hai diferenzas en canto as normas de aula.
4. Cando un profesor ten na súa aula un problema de disciplina ou conflito cun alumno determinado normalmente comunícase:
 - a. Aos compañeiros.
 - b. A titora ou a xefa de estudos.
5. O profesorado pensa que no caso de que os profesores non tiveran boas relacións, incidiría directamente na disciplina do alumnado.
6. Todos manifestan ter unas boas relación coas familias dos alumnos.
7. Manifestan que as familias deben de participar na convivencia do centro e axudar ao profesorado nas súas tarefas.

8. Proponse actividades para mellorar a convivencia no centro:
 - a. Xornadas de convivencia: comidas, cafés dentro do horario de traballo.
 - b. Queda recollida a queixa de que hai pouco tempo de comunicación entre os profesores para falar.
9. Gustaríalle ao profesorado que nestas actividades de convivencia participara todo o profesorado.
10. Sempre o tempo é un atranco para implicarse en proxectos e involucrarse.

Posibles solucións plantexadas

1. Favorecer a convivencia como obxectivo prioritario do proxecto educativo.
2. Tratamento específico do alumnado considerado conflictivo.
3. Aplicación de sancións estritas foi percibida como solución pero en menor medida.
4. Proponse:
 - Terapias para alumnado disruptivo.
 - Charlas para pais e nais.
 - Traballar estes temas dentro do claustro para chegar a acordos.
 - Respetar os horarios dos cambios de clase.
 - Involucrarse todos e todas nisto.
 - Acudir a persoas especializadas para resolver e formar ao profesorado.

O profesorado está disposto a involucrase sempre que se cumpran estas condicións:

1. sempre e cando todo o equipo docente se implique.
2. Cando as familias tamén se impliquen.

O profesorado considera moi importante o tema da convivencia no centro.

ELABORACIÓN DE HIPÓTESE DE TRABAJO

De todo o que se dixo ata de agora, elaboramos o diagnóstico inicial que será o punto de partida para o traballo anual: aspectos que funcionan, dificultades atopadas.

En canto as relación que se establecen no centro

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Impulsar a participación e corresponsabilidade das familias.
- Impulsar a formación e participación do profesorado para traballar temas de convivencia na titoría.
- Inclusión de liñas de traballo de mellora da convivencia nos distintos plans do centro: Proxecto eTwinning, Plan de Biblioteca, Plan ENDL ou Plan TIC.

Organización e xestión da convivencia

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Planear e promover actividades que fomenten a convivencia.
- Impulsar a resolución pacífica de conflitos creando una estrutura onde se podan explicitar e se traten sen ocultalos.
- O traballo en grupo debe pasar do campo teórico ao práctico.
- Fortalecemento da acción titora.
- Establecer liñas de traballo cooperativo nos distintos proxectos do centro: Proxecto eTwinning, Plan de Biblioteca, Plan ENDL ou Plan TIC.

Transformación do conflito

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Temos que xeneralizar a idea do conflito como connatural.
- Creación de espazos para o diálogo e resolución do conflito.
- Garantir espazos para o debate, reflexión, e toma de decisión.
- Promover as habilidades e competencias básicas para a comunicación positiva: expresión de sentimentos, escoita activa, espírito crítico.
- Aceptación das diferenzas e limitacións de cada persoa.
- Entender a diversidade.

Sentimentos, emocións e pertenza ao grupo

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Traballar na liña de respecto as diferenzas.
- Establecer liñas de traballo sobre educación emocional e/ou afectivo-sexual nos distintos plans do centro: Proxecto eTwinning, Plan de Biblioteca, Plan ENDL ou Plan TIC.

Procesos de ensino/aprendizaxe

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Promover aprendizaxes cooperativos.
- Diversificar a metodoloxía.
- Promover aprendizaxes que proporcionen competencias básicas.
- Diversificar as actividades realizadas dentro da aula para ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, evitando aburrimentos e así conflitos.
- Consensuar a avaliación: criterios.
- Fomentar o traballo por proxectos que impliquen a colaboración dos distintos membros da comunidade educativa a través dos distintos plans do centro: Proxecto eTwinning, Plan de Biblioteca, Plan ENDL ou Plan TIC.

Estilo docente

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Traballar de xeito cooperativo entre o profesorado do centro.
- Traballar de xeito cooperativo entre o profesorado de distintos centros; tanto dentro do Concello como con outros centros da Comarca, Comunidade Autónoma, país ou de xeito internacional.

6. A nosa definición de Convivencia

Todo isto que a continuación se expón, considera a comunidade educativa que significa a palabra *convivencia*:

CONVIVENCIA é unha casa na que vivir en liberdade, con entusiasmo, sendo solidarios e tolerantes, respectando aos demais e confiando neles, colaborando cando sexa necesario, implicándonos en proxectos e resolvendo os conflitos mediante o diálogo.

As veces a convivencia é difícil pero merece a pena intentar convivir, convivir, empatizar, respectar, comprender... Convivencia é participar na aventura de crear un mundo mellor

A convivencia faise día a día. Apréndese dende que se nace, na familia e continúaase na escola. Durante toda a vida aprendemos a convivir.

7. Principios da intervención

Para xestionar a convivencia dentro do centro tentaremos o emprego dun modelo integrado de intervención. Tentarase por todos os medios traballar para a prevención e busca dunha cultura da paz, identificar situacións conflitivas e fomentar as boas relacións entre todos os membros da comunidade e do centro co entorno. Tamén somos conscientes de que teremos que empregar un sistema sancionador organizado polas NOFC.

CONVIVENCIA COMO FACTOR DE CALIDADE: A AUTORIDADE DEMOCRÁTICA

- Respecto a todos atendendo a diversidade : cada persoa é importante e única.
- Uso do diálogo como elemento da comunicación.
- Aprendizaxes cooperativas fronte a individualismo.
- Fomento do esforzo fronte a competitividade.
- Traballar dende actitudes asertivas.
- Afirmar a persoa: favorecer a autoestima e autoconfianza.
- Búsqueda da cohesión do grupo/aula.
- Empatía.
- Igualdade entre homes e mulleres.
- Implicación na resolución dos conflitos das partes implicadas: implantar a mediación.
- Xestión dos problemas: afrontar os conflitos de xeito pacífico e positivo, como oportunidade para mellorar.

- Establecemento de un marco de normas democraticamente coa participación de todos e todas.

TRANSFORMACIÓN DO CONFLITO

Hai unha aprendizaxe para transformar os conflitos aceptando que o conflito é consubstancial á vida. Se alguén nega a existencia do conflito nega a realidade mesma da convivencia. Entendemos a relación como o punto de encontro de intereses. Hai diferentes puntos de vista polo tanto diferentes intereses. A ferramenta para resolver o conflito é a mesma que para os adultos e para conflitos internacionais:

1. Darse conta de que o outro ten outro punto de vista.
2. Que está no seu dereito de telo e de expoñelo.
3. Que con isto ninguén ten que ganar ou perder.

PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

- Coordinación do profesorado.
- Desenvolvemento persoal do alumno. Educación en valores, autoestima, educación emocional.
- Habilidades sociais.
- Traballo cooperativo.
- Coordinación coas familias.

CONVIVENCIA DEMOCRÁTICA

- Uso do diálogo.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Afirmación das persoas.
- Establecemento de un marco de normas establecidas democraticamente coa participación de todos e todas.
- Actitude aberta e empática ante o alumnado e familias.
- Aceptación da agresividade sa e eliminación da agresividade destrutiva.
- Afrontamento positivo do conflito tomado como oportunidade para mellorar.

8. Situación da convivencia no centro

Hai que ter en conta diferentes factores que condicionan a convivencia no centro:

1. O nivel cultural de procedencia das familias é medio-baixo e con unha certa estabilidade nos traballos das familias co que podemos pensar que a situación é favorable.
2. A situación actual da convivencia do noso centro é satisfactoria.
3. As relacións coas institucións do contorno son aceptables.

A relación coas familias é fluída. Temos unha ANPA moi activa e de colaboración co centro. O punto forte do centro é como coida aos que pertencen a el: o establecemento dun sentimento positivo de pertenza a un grupo. Para mellorar as relación entre os membros do centro, queremos que se establezan vías de comunicación e participación fortes entre os diferentes colectivos do centro.

9. Os principios plan

- Empregamos o eloxio e habilidades de reforzo positivo.
- Fomentamos o esforzo para as realización das aprendizaxes.
- Positividade: fixarse nos progresos mais que nas carencias.
- Diferenciar entre a persoa e a conduta.
- Antes de aplicar as sancións, intentar a resolución pacífica de conflitos.
- Manter relacións de cordialidade, de complicidade e de axuda mutua coas familias.

ANTES DE CASTIGAR

Usaremos os reforzadores positivos con moita máis frecuencia que os castigos, á hora de darlle solución aos problemas de conduta do alumnado, sabendo que ademais que son máis efectivos, adecuados para chegar a cambiar a propia conduta. Nin sequera a experiencia docente salva o valor do castigo permanente: somos coñecedores de alumnos que ao longo de toda a escolaridade son castigados repetidamente sen conseguir melloras significativas. Pero máis aló da eficacia, hai que considerar tamén os efectos negativos

que producen: rabia, resentimento, baixa autoestima... Por iso non ten demasiado valor educativo. Evitaremos o emprego do castigo empregando unha longa lista de accións ou iniciativas positivas que fomenten o bo comportamento de rapaces e rapazas, en lugar de ir sempre á posta en marcha do procedemento disciplinario.

Non quere isto dicir que non se deban utilizar nunca os castigos que temos recollidos nas NOFC, pero quizais poidamos contemplar a posibilidade de intentar poñer en marcha, de forma ben planificada e coa duración suficiente, as medidas alternativas.

10. Documentos de participación

Este plan forma parte do PEC e ten que ter en conta as normas de convivencia establecidas e recollidas nas NOFC e o establecido no PAT.

Outros documentos que axudan a resolver conflitos para actuacións ante diferentes tipo de incidencias son os protocolos publicados pola Xunta de Galicia no portal Educonvives: protocolo de absentismo, protocolo de acoso...

11. Difusión

Deste plan darase información básica na web do centro e nas informacións aportadas ás familias a principio de curso.

12. Seguemento e mellora

De xeito anual, ao principio de cada curso, farase unha revisión do presente plan para axeitalo á realidade do centro nese momento.